01.MX.

09. ANX_MOB
Anexo. Estudo de mobilidade sostible

PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS EN RAZO- ARNADOS

FASE:

APROBACIÓN INICIAL
(15019_PEP-PEID_202011_AI)

DATA:

NOVEMBRO 2020

PROMOTOR:

CONCELLO DE CARBALLO

concello de CARBALLO

EQUIPO REDACTOR:

IRIA PEREZ MIRANDA
DIRECTORA DO EQUIPO
COL: 3.194 COAG

MIGUEL A. ABAD BLANCO
COL: 1.877 COAG

ANTONIO DEUS ALVAREZ
COL: 1.875 COAG

IGNACIO LAZARO QUINTELA
COL: 3.877 COAG

ARQ UITE CTOS

Firmado digitalmente por: JOSÉ VILLÁN FUERTES - 09764560W
Motivo: Plan especial de protección, infraestruturas e dotacións en Arnados-Razo - PE2 "Razo-Arnados" (expte 2017/X999/001277). Documento de aprobación inicial. Xunta de Goberno Local, sesión 22/20 ordinaria de 21/12/2020. Concello de Carballo (A Coruña). O Secretario municipal.
Fecha y hora: 30.12.2020 09:54:19

ÍNDICE ANEXO
ESTUDO DE MOBILIDADE SOSTIBLE

ÍNDICE.

1. OBXECTO 2

2. AVALIACIÓN DA MOVILIDADE. 2

3. INICIATIVAS MUNICIPAIS EN PROL DUNHA MOBILIDADE SOSTIBLE EN RAZO. 6

1. ESTRATEXIA DE MELLORA E XESTIÓN DO ESPAZO PÚBLICO E A MOBILIDADE NO CONCELLO DE CARBALLO. 7

2. SENDEIRO CICLO- TURISTA CARBALLO- RAZO. 12

4. A MOBILIDADE NO PLAN ESPECIAL 12

5. PROPOSICIÓN DE MEDIAS PARA UNHA MOBILIDADE SOSTIBLE. 15

1. OBXECTO

O obxecto do presente estudo e a análise da actual mobilidade no ámbito e as súas comunicacións exteriores, as iniciativas municipais en prol da mobilidade sostible e describir a futura mobilidade no ámbito coa ordenación establecida no plan especial .
Rematando coa descrición daquelas medidas recomendadas dende o PE para acercarse a uns obxectivos de mobilidade sostible.

2. AVALIACIÓN DA MOVILIDADE.

A mobilidade a accesibilidade do ámbito é tratada no presente documentos dende dúas perspectivas e escalas: Por unha banda a escala territorial entendida como supramunicipal e municipal e doutra banda a mobilidade dentro so ámbito e o seu entorno inmediato fundamentalmente no referente ao acceso á praia.

Estas dúas análises traballan con óptimas moi distintas: O transporte individual, colectivo e ciclista está máis vencellado á escala territorial mentres que as circulacións peonís son a resposta ás circulacións entre o ámbito do PE e o seu entorno inmediato.

Actualmente o acceso á Praia de Razo- Baldaio realízase case que en exclusividade en vehículo privado xerando demanda exponencial de estacionamento.
Ademais relación da poboación cos areais, e más no caso de Razo, ten variado moito ao longo dos últimos anos. O uso exclusivo estival do areal vese incrementado dun xeito non estacional co desfrute do espazo natural e as actividade náuticas principalmente o surf.
Por este motivo na actualidade aínda que existen grandes bolsas de aparcadoiro, estas non resultan suficientes, especialmente no verán.

Transporte motorizado (individual). Aparcadoiro.

A mobilidade en vehículos motorizados individuais resposta na maior parte dos casos a desprazamentos a unha escala territorial, acceso dende distintos puntos do termo municipal de Carballo ou outros concello á praia de Razo- Baldaio e o seu entorno.
Estes desprazamentos teñen temporalidade estacional, sendo o verán o momento en que máis desprazamentos existen así como os fines de semana de bo tempo de todo o ano.

Claramente a praia na época estival e de bo tempo e o surf durante todo o ano son os grande polos de atracción de vehículos cara o ámbito.
Estes desprazamentos carrexan un dos maiores problemas detectados no ámbito: a enorme necesidade de prazas de aparcadoiro na proximidades da praia e que debido a esta necesidade a primeira liña do ámbito cara a costa destínase á circulación e aparcadoiro de vehículos, primando os vehículos fronte aos peóns.

Na actualidade existen no ámbito aproximadamente 500 prazas de aparcadoiro, que se distribúen entre a gran explanada a carón da praia (1) – 300prazas- e o aparcadoiro a ambos lados do vial que discorre limítrofe á costa (2) – 200 prazas-.
Ademais nos picos de afluencia á praia, os vehículos estaciónanse en outras zonas, algunha delas habilitada polo Concello como pode ser a parcela privada no núcleo de Arnados (3) e o aparcadoiro triangular entre o aparcadoiro e a vía municipal (4) no que contabilizáronse uns 200 vehículos en cada unha.
Deixando tamén os vehículos en zonas non habilitadas que dificultan o tráfico e agreden o medio ambiente, como ás beiras dos camiños existentes (5) – unhas 100 prazas- e na zona de dunas (6) onde pode chegar a haber 120 vehículos e outros 80 a carón do campo de fútbol (7).
Estes último teñen unha grande incidencia no medio, contabilizándose máis de 200 vehículos aparcados en terreos dentro da Rede Natura 2000.



Plano de mobilidade e prazas de aparcadoiro

Neste apartado imos falar tamén das caravanas, trátase de vehículos motorizados individuais que ademais están acondicionados para poder residir nelas.

No ámbito existe gran afluencia de caravanas que en moitos casos pasan varios días na praia, isto xera un problema tanto de convivencia como de xeración de residuos que na actualidade non está resolto. Ademais dase o caso de que este vehículos tenden a situarse na zona máis afastada que coincide cos terreos cunha maior protección ambiental (na zona identificada como 6)

Á outra escala existen os desprazamento vinculados aos dous asentamentos de poboación lindeiros co ámbito, Arnados e Razo da Costa, así como os desprazamentos vencellados ao colexio público Nétoma- Razo. Pero estes desprazamentos non inciden na problemática de aparcadoiro.

Transporte colectivo

A data de hoxe unha única empresa enlaza Carballo e A Coruña con Razo.

Na época invernal o servizo é un único autobús de ida e outro de volta, mentres que na época estival a periodicidade vese incrementada.

Dada a importante afluencia de vehículo privado para que o transporte colectivo sexa unha alternativa real, deberase mellorar tanto a afluencia como a información referente ao transporte colectivo.

Das enquisas realizadas no proceso de participación extraese que existe pouca información á cidadanía das alternativas de acceso a Razo en transporte colectivo e en moito casos respóstase que estarían dispostos ao seu uso.

Vías ciclistas

Nos últimos anos estase detectando un incremento do número de usuarios de bicicleta nas estradas de toda España e Carballo non é unha excepción.

Neste sentido dende o Concello xa se puxo en marcha un carril bici que discorre paralelo a la DP-1902, a estrada que comunica Carballo coa praia de Razo, pero que tan só conta con 1,3 km. aprox. construídos. A partir de la intersección con AG-55 os ciclistas que desexen continuar ata a praia deben facelo pola estrada compartindo espazo cos coches.

A prolongación do carril bici existente ata a praia de Razo está contemplada no PXOM de Carballo e contribuirá a incrementar a seguridade dos ciclistas que desexen acudir á praia empregando este medio de transporte.

No apartado referente a iniciativas municipais descríbese o proxecto que recolle a vontade municipal de continuar este carril ata Razo.

Circulacións peonís

Os desprazamentos peonís a escala territorial non son unha alternativa real, se ben é a alternativa maioritaria nos desprazamentos internos no entorno do ámbito. Este dato contraponse á ausencia de beirarrúas na maior parte das vías.

Tan so contan con beirarrúas o paseo da praia e a estrada provincial, destacando a ausencia de itinerario peonil entre o núcleo de Arnados e Razo da Costa a través do cal accédese ao colexio público.

Ademais na maior parte dos camiños (agás os máis próximos ao centro educativo) pódese circular a 50km/h e non existe ningunha vía propiamente peonil con tráfico restrinxido aos vehículos.

Dentro deste apartado de circulacións peonís no entorno destaca a importancia dos actuais accesos ao areal.

Debido á diferenza de cota da vía de borde e da praia delimitado polos cantís os puntos de acceso á praia están acoutados e son sete.

O principal acceso é o producido á mesma cota ao final da zona de aparcadoiro fronte á escola de surf. Dende a zona axardinada diante do aparcadoiro existen tres puntos de acceso (a través de ramplas ou escaleiras) e dende o tramo liñal do paseo están acondicionadas outras tres baixadas á praia.

Estes puntos de acceso ao areal son ademais o punto de colocación dos servizos á praia: duchas, papeleiras, fontes,…



Baixadas e principais servizos o areal.

O POL define en todo o litoral galego unha senda peonil denominada senda dos faros que os planeamentos deber incorporar establecendo á escala axeitada o seu trazado concreto. No ámbito do PE atravesa dende a senda peonil da duna de Baldaio e discorre pola vial/paseo de costa ata Razo da Costa.

3. INICIATIVAS MUNICIPAIS EN PROL DUNHA MOBILIDADE SOSTIBLE EN RAZO.

O Concello de Carballo está a traballar nas medidas necesarias para favorecer unha diminución da dependencia do transporte privado individual cara transportes alternativos, como o transporte colectivo ou outros medios de transporte (bicicleta).

Deste xeito está a elaborar estudos e proxecto que favorecen a mobilidade exterior cara Razo con solucións de transporte alternativo: melloras no transporte público e creación dun carril bici que conecte Carballo e Razo que se recollen nos seguintes documentos:

1. ESTRATEXIA DE MELLORA E XESTIÓN DO ESPAZO PÚBLICO E A MOBILIDADE NO CONCELLO DE CARBALLO.

O Concello está elaborando unha estratexia da mobilidade, que si ben centra a maior parte das medidas no entorno urbano, conten como un dos Programas de actuación o fomento do transporte público.

Recollendo no apartado **2.5.4 a Reordenación das liñas de conexión con Razo e parroquias.**

Xustificación do obxectivo.

O obxectivo desta medida é conectar un dos proncipais polos atractores de viaxes, principalmente en época estival como é a contorna da Praia de Razo, con Carballo.

Descrición.

Na actualidade esa comunicación realízase por medio de dúas liñas, a liña 2601, con inicio en Carballo e final en Castrillón, que a pesar de estar englobada nos contratos de liñas interurbanas da Xunta, ten un marcado carácter urbano, e a liña 2576, con inicio en Coruña e tras pasar por Arteixo, chega á estación de Autobuses de Carballo pasando por Pedra do Sal e Razo.

Este documento propón modificacións nestas dúas liñas:

<u>Liña 2601</u>

Na actualidade consta de oito paradas, cun escaso percorrido urbano. A nosa proposta é que teña un maior número de paradas no centro urbano, de tal forma que sexa accesible a un maior número de viaxeiros, sen a necesidade case obrigada de desprazarse ata a estación para subir ao autobús. De tal xeito que as paradas quedarían da seguinte forma, marcadas en verde as novas;

Para a nova liña 2601, propóñense as seguintes expedicións con indicación do calendario

;

Táboa 14. Paradas liña 2601

Parada Ord	Parada Denominación	Mt a Orixe	Km a Orixe	Ida Lonxitude	Ida Latitude
1	Rúa Gran vía Nº 40	0	0	-8,68822	43,21314
2	Avda. de la Milagrosa (Capela)	2	0,7686	-8,688461	43,207558
3	Rúa Camilo José Cela (Frente Colexio) (solo vuelta)	4	1,6256	-8,695665	43,208496
4	Carballo E.A.	5	1,8396	-8,69599	43,20994
5	Rúa Luís Calvo Nº 13	6	2,2216	-8,693471	43,212262
6	Rúa Perú N º18	7	2,4896	-8,692281	43,21455
7	C.C. Bergantiños	8	2,9736	-8,690484	43,218641
8	Vilar Do Carballo	11	3,8666	-8,69353	43,22617
9	Oza	15	7	-8,70073	43,25145
10	Vilar De Cidre	21	8	-8,70783	43,26986
11	Razo Da Costa	27	10,4	-8,71933	43,28526
12	Razo	30	11,9	-8,70523	43,28901
13	Arnados	33	12,4	-8,70475	43,28732
14	Castrillón	38	14,2	-8,67677	43,28537

Figura 44. Novo itinerario de las liña 2601



2576

Esta liña, que como anteriormente se indicou, une A Coruña con Carballo realizando o seu percorrido por Arteixo e Laracha, ten 24 paradas no Concello de Carballo, pero soamente a última, Estación de Autobuses de Carballo, atópase no núcleo urbano.

Táboa 16. Paradas liñas 2576

Parada Ord	Parada Denominación	Mt a Orixe	Km a Orixe	Ida Longitude	Ida Latitude
1	Coruña E.A.	0	0	-8.40384	43.35362
2	Ronda De Outeiro	1	0,5		
3	Ronda De Outeiro 2	3	1,4		
4	Avda. Finisterre	5	2,2		
5	Meicende	15	4,5	-8.44757	43.34607
6	Meicende 2	17	5,1		
7	Meicende 3	19	5,5		
8	Pastoriza	20	8	-8.4642	43.33456
9	Pastoriza 2	21	8,8		
10	Solimar	23	10,3	-8.47981	43.32477
11	Oseiro	24	10,8	-8.48561	43.32308
12	Seixeda	25	11,8	-8.48974	43.3178
13	Florida	27	12,4	-8.49426	43.31588
14	Rozas	29	13,2	-8.50191	43.31073
15	Arteixo	34	14	-8.50726	43.30649
16	Barrañán	42	18	-8.5417	43.3117
17	Praia Barrañán	43	18,5	-8.55093	43.30899
18	Chamín	48	19,5	-8.55731	43.30504
19	Sorrizo	53	21	-8.56839	43.30548
20	Alvite	58	23	-8.59342	43.30968
21	Caión	65	26	-8.6061	43.31797
22	Xuxán	67	27,9	-8.60854	43.31076
23	Leira	70	29,3	-8.62248	43.30611
24	Cestro	75	29,8	-8.62822	43.30079
25	A Imende	80	30,4	-8.63393	43.29942
26	Pedra Do Sal	81	31,1	-8.65544	43.30086
27	Casadelas	83	33,3	-8.64313	43.28932
28	Noicela	84	33,8	-8.63198	43.28634
29	Rapadoira	85	34,4	-8.62542	43.29101
30	Noicela	87	35	-8.63204	43.2863
31	Gelra	88	35,5	-8.63389	43.28318
32	Castelo	90	37	-8.642	43.27636
33	As Travesas	91	37,3	-8.64828	43.27934
34	Sanbade	93	38,3	-8.65489	43.28512
35	Centeás	95	39,5	-8.66161	43.27751
36	Lema	96	40	-8.66734	43.28403
37	Castrillón	97	40,5	-8.67673	43.28542
38	Cambrelle	101	42	-8.68164	43.28576
39	Arnados	103	43,4	-8.70472	43.28741
40	Razo Da Costa	105	44,4	-8.71933	43.28526
41	Razo	107	45,4	-8.70523	43.28901
42	Netoma	109	46,1	-8.71475	43.27699
43	Vilar De Cidre	112	47,1	-8.70791	43.26988
44	Oza	115	49,3	-8.7006	43.2513

Propoñemos engadir as paradas C. C. Bergantiños, Rúa Perú, Rúa Luís Calvo e Colexio Camilo José Cela, e alongar o percorrido ata a parada da Avda. Milagrosa, tal que a accesibilidade dos usuarios no casco urbano quede mellorada en gran medida.

O percorrido completo da liña sería o seguinte (coas novas paradas marcadas en verde):

Parada Ord	Parada Denominación	Mt a Orixe	Km a Orixe	Ida Lonxitude	Ida Latitude
45	Encrucilladas	117	49,8	-8.69566	43.24754
46	C.C. Bergantiños	118	51,3	-8,690484	43,218641
47	Rúa Perú, Nº 18,	121	52,8	-8,692281	43,21455
48	Rúa Luís Calvo, Nº 13	122	53,1	-8,693471	43,212262
49	Carballo E.A.	124	53,3	-8.69599	43.20994
50	Rúa Camilo José Cela (Frente Colexio) (solo vuelta)	126	54,1	-8,695665	43,208496
51	Avda. de la Milagrosa (Capela)	128	55,8	-8,688461	43,207558

Táboa 17. Novo itinerario da liña 2576

2. SENDEIRO CICLO- TURISTA CARBALLO- RAZO.

No apartado 9.1 da parte informativa desta memoria descríbese o proxecto de senda ciclo-turista que encargou o Concello de Carballo para crear un itinerario para bicicletas que conecte a vila de Carballo e a Praia de Razo.

4. A MOBILIDADE NO PLAN ESPECIAL

No apartado III.5 da memoria xustificativa descríbese a ordenación establecida no plan especial. Descríbese o viario, diferenciado entre viario rodado e peoníl, así como a zona de paseo e os aparcadoiros.

VIARIO RODADO.

Mantense o acceso viario á praia de Razo a través da estrada provincial DP- 1902. O acceso xeral de vehículos limítase na liña das edificacións do núcleo de Arnados.

Neste punto prevese unha parada de transporte público.

A outra vía principal é a existente no extremo meridional, a estrada do Porto ou estrada a Razo da Costa, que nos tramos que discorre paralela ao ámbito amplíase urbanizando con bandas de aparcadoiro e beirarrúas.

Estes dous viais veranse reforzados polo viario previsto polo PXOM no Plan especial de mellora do núcleo rural de Arnados que enlaza dende a estrada provincial ata a estrada do Porto onde se prevé a execución dunha rotonda a carón do ámbito.

O resto das vías son secundarias, tanto as de nova creación que enlazan dende a futura rotonda na estrada do Porto a través do ámbito ata Razo da Costa, como o tratamento dos viais perimetrais ao ámbito.

Xunto a estras vías atópanse os futuros aparcadoiros de vehículos.

VIARIO PEONIL.

A principal intervención de carácter peonil é a peonalización da fronte litoral (Paseo) do núcleo de Arnados.

Prevense outras vías peonís que conectan diferentes puntos como o enlace dende os aparcadoiros ata o paseo (e accesos á Praia), a consecución como peonil camiño público do acceso ao actual campo de fútbol, ou a conexión peonil dende o ámbito ata Razo da costa.

E por outra banda unha serie de senda peonís que se apoian en camiños e servidumes existentes e que xeran unha rede capilar para os terreos en Rustico e para acoutar os accesos ao mar.

Na vía que discorre ao leste na parte alta da zona de rexeneración prevese a construción dunha beirarrúa de madeira que permita a circulación con seguridade dos peóns impedindo o paso cara o espazo protexido

CARRÍS BICI:

Dentro de o ámbito prevese a realización dunha rede de carril-bici, que enlazará co que conecta Carballo con Razo. No punto de conexión co Paseo prevese unha bolsa de aparcadoiro para bicicletas.

O Paseo deseñase cunha banda diferenciada para a circulación das bicicletas (e transito restrinxido de vehículos) que enlaza ao leste co aparcadoiro de bicicletas e o carril cara Carballo e ao oeste continúa en paralelo ao viario peonil ata a estrada a Razo da Costa.

Polo interior do ámbito enlaza a zona de aparcadoiro e equipamento deportivo, co carril bici que sube dende a praia e discorre sensiblemente paralelo ao vial interno a Razo da Costa a unha cota inferior.

APARCADOIROS DE VEHÍCULOS

Un dos obxectivos do plan especial é a reubicación dos espazos de aparcadoiro cara a áreas menos sensibles medioambientalmente a máis afastadas da costa.

De cara á analise das necesidades de aparcadoiro partimos de dúas vertentes.

Por unha banda do dato analizado no primeiro punto desta análise de **numero de estacionamentos actuais**, no que se contabilizaron unhas 500 prazas de aparcamentos formalizados dentro do ámbito, que en épocas estivais resultan escasas chegando a contabilizar uns 500 vehículos aparcados en zonas non habilitadas a tal efecto.

Pero por outra banda para o o cálculo das necesidades de estacionamento ademais do número de vehículos que na actualidade están a aparcar no entorno da Praia de Razo tamén hai que ter en conta a **capacidade de carga que pode ter a praia** sen degradar os seus valores.

Como un tema complementario realizase unha análise da capacidade de carga deste areal que contando con unha superficie aproximada de 48.000m² supón que pode albergar garantindo a calidade do areal e da experiencia do usuario preto de 2.000 usuarios.

Se establecemos un número medio de tres persoas por vehículo son necesarias 640 prazas de aparcamento, a groso modo. Pero este sector é moito máis complexo, xa que temos que avaliar outras variables que reducirán ou incrementarán a demanda de prazas.

Variables que reducen a demanda de prazas de aparcamento:

- Poboación residente ou con segunda vivenda na contorna. Nas proximidades do areal viven máis de 800 persoas (segundo a sección censal) e existen 90 vivendas secundarias.
Estas persoas non necesitan praza de aparcamento para acceder a praia.
- Desenvolvemento doutros sectores da contorna, que incrementarán o número de prazas de aparcamento regradas, reducindo a súa demanda

Variables que aumentan a demanda de prazas de aparcamento:

- A poboación que aparca no sector tamén vai a praia de Baldaio, areal de grandes dimensións que pode albergar un número considerable de persoas. Por tanto o sector non ten que ter só en conta os visitantes de Razo, senón que tamén un porcentaxe dos que van a Baldaio.
- A presión non é continua no areal, xa que ten unha forte dependencia estacional. Os fins de semana da época estival ten gran afluencia de persoas, mentres que o resto do ano a ocupación e moi inferior. O que permite reducir o criterio de ocupación segundo o expertos.

Tendo en conta as dúas variables anteriores o plan especial opta pola creación de dous tipos de aparcadoiro.
Os aparcadoiros cuxo solo está dedicado e urbanizado a tal fin, que se identifica no plano de zonificación como aparcadoiro, e unhas áreas no solo rústico identificadas como de preferencia de aparcadoiro estacional, nas que se prevé un acondicionamento puntual mínimo sobre parcelas rurais para o seu uso como aparcadoiro na época estival.

Por outra banda o obxectivo final do plan especial en canto a mobilidade é avanzar cada unha mobilidade máis sostible que dependa cada vez menos do vehículo privado a favor de medios de transporte colectivo ou vehículos alternativos como a bicicleta.

Deste xeito o plan especial prevé que a medida que se avance neste obxectivo estes estacionamentos ocasionais poidan chegar a desaparecer.

Os aparcadoiros formalizados sitúanse a carón dos viarios principais e a carón dos equipamentos públicos previstos no ámbito (e próximos ao colexio público de Nétoma).
A superficie das dúas bolsas ascende a 9.270m², prevendo unhas 460 prazas.

Tendo en conta a superficie identificada como de preferencia aparcadoiro estacional 12.378m² nas que se estima que poden chegar a albergar outros 600 vehículos.

Polo tanto a oferta inicial de estacionamento do ámbito é similar a oferta actual debendo ter en conta que a metade dos vehículos actuais aparcan fora de espazos habilitados para elo e en moitos casos degradando sensiblemente o medio ambiente.
Sendo a previsión do plan especial que a medida que se avance cara unha mobilidade máis sustentable, parte dos aparcadoiros provisionais poidan desaparecer.

5. PROPOSICIÓN DE MEDIAS PARA UNHA MOBILIDADE SOSTIBLE.

O plan especial incorpora dentro do seu ámbito aquelas medidas en ordenación que melloran aspectos na mobilidade, se ben a escala para mellorar a mobilidade cara unha solución máis sostible é outra, por un lado a escala territorial (municipal ou supramunicipal) e por outro debendo implementarse medidas que faciliten o necesario cambio social.
Neste senso neste ultimo apartado do estudo de mobilidade do plan especial recóllense unha serie de propostas de diversa índole fora do ámbito territorial do plan especial ou das súas competencias encamiñadas a favorecer as melloras en mobilidade no entorno da praia de Razo:

1. Zona de aparcadoiro ao leste do ámbito.

Ubicación dunha zona de aparcadoiro na liña das zonas de *preferencia aparcadoiro estacional* ao oeste do ámbito fora dos espazos protexidos.
Este aparcadoiro é necesario debido a que os aparcadoiros propostos dentro do plan poden non cubrir, por distancia, as necesidades dos usuarios das zonas máis orientais da praia e non solventar os problemas de aparcadoiro indesexado mais aló do ámbito do plan.

2. Dar continuidade ás beirarrúas que se propoñen nos viarios perimetrais do ámbito.

Unha das demandas detectadas na fase de información pública deste documento é a solicitude de beirarrúas no entorno de Razo- Arnados. O plan especial resolve esta problemática dentro do seu ámbito de actuación, pero os viais perimetral que non teñen a totalidade do seu trazado dentro do plan especial non quedan completamente resolta.

Esta problemática vai ser moi patente no vial que enlaza Arnados e Razo da costa na parte máis alta do ámbito e no extremo leste, ademais da rúa que da acceso ao colexio público de Nétoma.

3. Propostas no transporte colectivo.

En canto ao transporte colectivo a *Estratexia de mellora e xestión do espazo público e da mobilidade no Concello de Carballo*, fai unha proposta de reordenación das liñas existentes a Razo que suporán unha mellora:

3.1. Deberá realizarse un seguimento desta proposta de reordenación para comprobar o seu correcto funcionamento

3.2. Dentro do ámbito debería preverse unha parada de transporte colectivo a carón do Paseo e propóñese unha segunda parada na zona alta na estrada de Razo da Costa próxima ao colexio e a carón da zona de equipamentos. Na ubicación desta parada deberase atender ao impacto de xénero.

3.3. De cara a potenciar o uso da bicicleta para o acceso á Praia de Razo, e debido a orografía, deberasense tomar as medidas necesarias para garantir a posibilidade de volta cara a Carballo da bicicleta no transporte colectivo.

3.4. E por último deberíase estudar a bonificación inicial do transporte xa sexa no precio do transporte aos usuarios ao as compañías de xeito que se ofraxa un servizo eficiente que anime ao seu uso.

Firman o presente en novembro de 2020

Directora do Plan:

Iria Pérez Miranda (arquitecta colexiada 3194 do COAG)

Equipo redactor:

Miguel Angel Abad Blanco (arquitecto colexiado 1877 do COAG)

Antonio Deus Alvarez (arquitecto colexiado 1875 do COAG)

Ignacio Lázaro Quintela (arquitecto colexiado 3877 COAG)



LENDA DE SIMBOLOXÍA

ÁMBITO DELIMITADO POLO PE

COSTAS:

(DL-115-LC) DESLINDE T.M. de Laracha hasta las Playas y Marismas de Baldaio- Razo (O.M. 07/09/2004)

- RIBEIRA DO MAR
- DPMT
- SERVIDUME DE PROTECCIÓN
- LIÑA LÍMITE ZONA DE INFLUENCIA (500m)

#Ante calquera desaxuste, prevalecerán os datos dos planos de deslinde DPMT sobre os reflectidos no plan.

SERVIDUME DE TRÁNSITO

Establécese a servidume de tránsito recollida no artigo 27 da Lei de Costas sobre a franxa de 6 metros, medidos terra dentro a partir do límite interior da ribeira do mar.

- VIARIO RODADO
- VIARIO PEONIL
- SENDA PEONIL
- CARRIL BICI
- APARCADOIROS
- PREFERENCIA APARCADOIRO ESTACIONAL

GRÁFICO DE FOLLAS

concello de CARBALLO

ABADEUS ARQUITECTURA S.L.P.

ARQ UITE CTOS

IRIA PEREZ MIRANDA — COL. 1 Nº 2.000 — COL. 2 Nº 2.000
MIGUEL A. ABAD BLANCO — COL. 1 Nº 1.000
ANTONIO DEUS ALVAREZ — COL. 1 Nº 1.000
IGNACIO LAZARO QUINTELA — COL. 1 Nº 1.000

CONCELLO DE CARBALLO

PLAN ESPECIAL DE PROTECCION, INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS EN RAZO-ARNADOS (PE-2)

DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

ESTUDO DE MOBILIDADE SOSTIBLE

15019_PEP-PEID_202011_AI

NOVEMBRO 2020

1/2.500 - A1
1/5.000 - A3

0 25 50 75 100 150 200